

agpirina



Boletín informativo e vitamintante da AGPI

Número 5 Agosto 2008 www.agpi.es



Leo López reproduce a ilustración de David Rubín

A ilustración galega
celebra o VIII Centenario de A Coruña

Editorial

Estimados socios e socias:

Ano tras ano a AGPI segue a medrar e neste novo número do noso boletín reconstituente damos conta dalgunhas das múltiples actividades realizadas no pasado recente e avanza o programa das que se han celebrar no segundo semestre do ano, incluíndo tamén unhas pinceladas do que xa é historia da nosa asociación.

Antes de comezar quixera agradecer vos a axuda e colaboración de todos vos, e especialmente do equipo humano da xunta directiva, que me facilitou a adaptación ao meu novo cargo de presidente. Como ben sabedes, algúns dos membros da antiga directiva terminaron con grande éxito a súa lexislatura e gañáronse un merecido descanso polo que decidiron non renovar os seus cargos, así pois os que quedamos ao fronte da asociación tivemos que redefinir os nosos cargos formando unha nova directiva que está a funcionar a pleno redemento dende xaneiro do 2008.

Todos nós fixemos o mellor que soubemos estes primeiros meses para adaptarnos á nova situación e desempeñar as nosas tarefas con dilixencia. A pesar das dificultades iniciais esperamos ter avanzado o suficiente como para seguir nos nosos postos con maior eficiencia e capacidade de servizo aos nosos asociados.

Os primeiros proxectos que esta directiva afrontou foron os xa empezados polos anteriores equipos de traballo, que de feito decidiron seguir coa súa laboura ata rematar os obxectivos plantexados, e así foi como en estreita colaboración logramos lanzar á rede a nosa nova páxina web www.agpi.es que esperamos xa todos esteades a disfrutar. Nela facémonos eco de todas as novidades do noso eido profesional, podeades atopar documentos fundamentais para o desempeño da nosa profesión (exemplos de contratos, facturas, información sobre IVE, IRPF, casos prácticos, etc...), foros, tutoriais, galerías das nosas exposicións, e entre moitos contidos máis, un servizo que é a alma da web: o buscador de ilustradores, unha ferramenta intelixente que conduce ás galerías de traballos dos socios, cos seus datos de contacto para facilitar a conquista de traballo.

Adquirimos tamén nestes primeiros meses de nova lexislatura un novo local social, situado na rua Cardenal Cis-

neros de A Coruña. Un local excelente para as nosas necesidades, ben comunicado ao que a partires de agora empezaremos a sacar máis rendimento empregándoo como base de operacións, lugar de reunións e casa de todos vos. Sodes todos benvidos.

Finalmente, outro dos nosos proxectos estrela está xa por fin na rampa de lanzamento: tras meses de traballo e negociacións na busca de financiación, a guía AGPI, o noso catálogo de ilustradores, está a piques de ver a luz e esperamos poder presentala en breves semáns. A guía AGPI actualízase anualmente e se distribuirá entre todos os nosos clientes potenciais.

Desenvolvéronse tamén actividades que xa empezan a ser habituais, a promoción do traballo dos nosos socios en feiras e salóns nacionais e internacionais, talleres, encontros, exposicións... e un sen fin de actuacións reivindicativas na prensa e nas institucións.

A AGPI é membro do consello asesor do libro da XUNTA de Galicia, do consello da Cultura do concello de Compostela, membro do xurado dos premios nacionais de ilustración e membro da Federación Nacional FADIP e do EIF, e seguimos a crecer en relacións institucionais con entidades afíns ao noso gremio.

Non queda espazo para estenderse pero non quixera despedirme sen felicitar publicamente a Xosé Lois González, creador do Carrabouxo, por ter recibido este ano a Medalla Castelao, polo seu traballo como humorista gráfico durante máis de 25 anos. É unha honra que profesionais da súa categoría sexan membros da AGPI, o que a ennobece e lle otorga a grandeza que se merece. E rematarei animándovos a que sigades participando na AGPI cos vosos comentarios, suxerencias, aportacións, que sempre serán ben recibidas. Esta nova directiva seguirá a traballar contra as dificultades para que a asociación leve a cabo os seus principios fundacionais e contribuír así a mellora decisiva do estado da nosa profesión.

Recibide todos unha forte aperta de
Santiago Gutiérrez,
Presidente de AGPI

AGPIRINA #5 Agosto 2008

Coordinación e maquetación: Pinturero e Luis Sendón
Comité de redacción: Javi Montes, Manel Cráneo,
Santy Gutiérrez, Xulia Barros, Pinturero.
Imprime: Lugami. Betanzos (A Coruña)
Foto portada: Pinturero

ASOCIACIÓN GALEGA DE PROFESIONAIS DA ILUSTRACIÓN

Apdo. 799 A Coruña
www.agpi.es correo@agpilustracion.org



AGPIRINA se edita co apoio de



'O Carrabouxo' recibiu a Medalla Castelao no 2008



Carrabouxo. Foto: Paco Vilabarro

A Medalla Castelao, que distingue a obra de cidadáns galegos no campo artístico e literario, foi creada polo Goberno galego no 1984 para conmemorar o retorno a Galicia dos restos de Castelao o 28 de xuño dese ano. Segundo se reconece no Decreto de creación deste galardón, "a perfección, o simbolismo ou a transcendencia das obras é o reflexo dun traballo conscientemente realizado con entrega e con fe na cultura, na historia e no ser dunha vila". A Medalla Castelao debe servir, pois, de exemplo á obra daqueles galegos que deben ser guía para futuras xeracións que queiran seguir engrandecendo a realidade de Galicia.

O pasado día 28 de Xuño, durante a entrega das Medallas Castelao 2008, a Xunta salientou o traballo 'comprometido con Galicia' dos tres galardoados deste ano: o humorista gráfico, Xosé Lois González; a catedrática de Física Inmaculada Paz Andrade e o músico Maximino Zumalave.

'O Carrabouxo' recibiu a súa Medalla Castelao 2008 de mans do presidente da Xunta, Emilio Pérez Touriño e tivo a xenerosidade de dedicarllela 'a todos os humoristas gráficos de Galicia'. O acto celebrouse no Museo Do pobo Galego coa asistencia das principais autoridades de Galicia, entre os que se atopaban o vicepresidente, Anxo Quintana; a presidenta do Parlamento galego, Dolores Villarino; o delegado do Goberno, Manuel Ameijeiras, e os conselleiros do Goberno autonómico.

De 'O Carrabouxo', o presidente da Xunta dixo que 'é un dignísimo continuador da mestría coa que o propio Castelao engrandeceu esa difícil e peculiar parcela do xornalismo'. 'González logrou algo que está ao alcance de moi poucos humoristas galegos, pois chegou a converter nun personaxe enormemente popular a 'O Carrabouxo', ese paisano algo escéptico, con bastante retranca e moi intelixente que nos saída cada mañá desde as páxinas de "A Rexión" e "Atlántico Diario" e co que a xente identifica ao seu autor', afirmou Touriño.

'O Carrabouxo', logrou desenvolver un humorismo que bebe na tradición popular, na oralidade, nas capacidades da lingua para xogar coas palabras e cos dobres sentidos, sempre ao servizo dunha visión do mundo que el definiu algunha vez como 'galegocéntrica' e coa que logrou sintonizar con innumerables lectores que, 26 anos despois do seu nacemento seguen buscando con avideza diaria as súas viñetas', aseverou o presidente galego. Precisamente pola súa contribución á renovación do humor galego desde a continuidade dunha tradición xa ben establecida por Castelao e outros grandes mestres, é polo que o Goberno galego decidiu outorgarlle a Xosé Lois González a Medalla Castelao 2008.

O noso galardoado socio reivindicou a figura de Castelao, sinalando que 'Castelao está en vigor'. O autor de 'O Carrabouxo' reivindicou o papel do humor como 'algo moi serio' e como 'instrumento de emancipación dun pobo'.

Xosé Lois González Vázquez colabora con regularidade nos xornais A Rexión de Ourense e Atlántico Diario de Vigo e tamén na revista Tempos Novos e o semanal A Nosa Terra, onde publica as súas viñetas do Carrabouxo, personaxe que comparte ou pseudónimo do autor e que creou no 1982. Participou tamén en publicacións colectivas, entre estas: Humor gráfico galego, Os humoristas e a lingua ou Humor e tolerancia, From Galicia whit humor, Visto para sentencia-imos a reirnos moi en serio do racismo-europa se ri do racismo, e tamén nas publicacións da Bienal da caricatura de Ourense e na mostra internacional portuguesa Humorgrafe.

Obras: Ano e pico de Carrabouxo, 20 anos de Carrabouxo (Deputación de Ourense), Novos chistes de Xosé Lois (A Nosa Terra), Humor gráfico, Xosé Lois na transición (Universidade de Vigo), Ou seu personaxe, Ou Carrabouxo, foi animado por Lhosca Arias non 2000 nunha serie titulada Ou Carrabouxo de 26 capítulos dun minuto de duración.

A ilustración galega nos pilares da sociedade

O Concello de A Coruña presentou o proxecto Arte Urbano, unha nova iniciativa coordinada por José Alfeirán, que se engloba nos actos de celebración do 800 aniversario do outorgamento da Carta Pobra á cidade e que, ao tempo, pretende recuperar para a arte da rúa un dos espazos máis coñecidos da cidade: o viaduto de San Pedro de Mezonzo, no barrio de Catro Camiños. Os oito pilares da infraestrutura serven de soporte ás obras que recrean acontecementos lendarios e históricos da urbe.

A tarefa de converter as ilustracións en murais utilizando a técnica do spray está a cargo do Estudo Alavista (Leo López e Miguel Ruiz-Sekone-), que ademais son co-autores dun dos orixinais. No seu blog podeades contemplar o desenvolvemento da intervención: <http://www.viaducto800.blogspot.com/>

Co obxectivo de recuperar esteticamente este espazo cidadán, as columnas do viaduto mostran agora imaxes de personaxes reais ou lendarios e escenas relacionadas co carácter ou o espírito da cidade. Cada columna comparte dúas escenas independentes, pero que gardan unha certa interrelación ou secuenciación, creando unha especie de story-board en 16 imaxes.

As escenas encargáronse a 17 ilustradores de recoñecido prestixio, todos eles veciños da Coruña (e comprácenos dicir que, ademais, son socios de AGPI). Cada un deles, partindo das limitacións espaciais de cada columna e dun tema previamente determinado, tivo completa liberdade creativa para, dacordo co seu estilo, realizar o seu debuxo ou ilustración.



Fotos de arriba a abaixo: Vista da zona antes de ser restaurada; Leo traballando na columna de David Rubín; Sekone tomando medidas; vista da zona con algunhas columnas xa rematadas




Temas e autores das ilustracións:

Brigantia Castrexa, por **Miguel Robledo**; Xulio César desembarca en Brigantium, por **Xosé Tomás**; Hércules e Xerión, por Manel Cráneo; Bregón e Ith, por **David Rubín**; Alfonso IX y Crunia, por **Dani Montero**; María Pita, por **Emma Ríos**; Sir John Moore, por **Marcos Calo**; Polier prisioneiro no castelo de San Antón, por **Patricia Castelao**; Punto de partida de expedicións e armadas, por **Leo López e Miguel Ruíz (estudio alavista)**; Cidade do mar e a pesca, por **Alberto Vázquez**; Noite de San Xoán, por **Luis Sendón**; Cidade Meiga, por **Suso Cubeiro**; Cigarreiras de Marineda, por **Santy Gutierrez**; Porto de emigración, por **Javi Montes**; Cidade de cristal, por **Fernando Llorente**; Espiritu Urbano, por **Xosé Cobas**.

Debaixo: ilustración de Emma Ríos

Dereita: Ilustracións de Manel Cráneo, Luis Sendón e Javi Montes



Nace o Observatorio de Ilustración Gráfica

Desde fai anos os profesionais do medio botabamos de menos a existencia dun organismo que estivese amparado polo estado e servise para velar pola boa saúde do noso sector.

Có obxectivo de velar polos dereitos dos ilustradores e facer unha análise crítica da situación profesional do sector en España e como medio de denuncia, a FADIP (Federación de Asociaciones de Ilustradores Profesionales) ven de promover a creación do Observatorio de la Ilustración. Este proxecto que ten apoio da FAD (Fundación Arte y Derecho) e do Ministerio de Cultura conta na súa comisión con expertos procedentes de diferentes campos do sector gráfico, o mundo da edición e as leis.

O Observatorio terá unha comisión de expertos que valoren as diferentes problemáticas e que denuncien públicamente se é necesario os casos de abuso que se dan no sector. A comisión esta formado por editores, ilustradores, humoristas gráficos, avogados ou directores de arte e outros especialistas relacionados co medio. Entre eles Pablo Amargo, Isidro Ferrer, Gallardo, Max, Monteys, Horacio Altuna, o humorista Forges, a avogada Mariona Sardá e así ata máis dunha veintena de nomes que forman a comisión están traballando xa nun proceso que comenará a dar o seu froito a finais deste ano con varios actos públicos.

O Observatorio tamén vai a poñer en marcha un espazo en internet onde se poderán ler artigos e información xeral sobre o proxecto.

<http://observatoriodelailustracion.org/>

Novas coma esta amosan os avances que está a vivir a profesión gracias á forza do movemento asociativo. A imaxe do observatorio foi creada polo deseñador Pep Carrió.



OBSERVATORIO DE LA
ILUSTRACIÓN GRÁFICA

Fadip chega a un acordo con FAD para crear unha rede estatal de avogados

Fai varios meses que FADIP chegou a un novo acordo coa FAD mediante o cal todas as comunidades que teñan unha API (Asociación de Ilustradores Profesionales) contaría cun despacho de avogados especializados en dereitos de autor a dispor dos seus asociados.

Se prevee que o acordo sexa efectivo dentro deste mesmo ano e que sirva para cubrir as lagoas de asesoría legal que tiñamos a meirande parte das asociacións españolas. Con acordos deste tipo consolídase a boa relación mantida entre a nosa federación e a FAD.

Forges invitado ao V Encontro Galego de Ilustración

Aínda que as datas non están totalmente pechadas, será probablemente o derradeiro fin de semán de outubro para continuar coa tradición xa establecida cando se celebre por quinto ano consecutivo o Encontro Galego de Ilustración, cita de referencia para os ilustradores galegos.

Continuando coa costume, este ano se contará con dous invitados relacionados co sector. Para esta edición xa está confirmada Irene Penas, editora de Everest Galicia que ofrecerá unha charla sobre procesos de edición de libros ilustrados e como colofón e invitado de honra o humorista gráfico Forges que falará da súa experiencia profesional.

O Humorista de nai catalana e pai galego, leva desde 1973 debuxando para a prensa e ten creado unha iconografía inconfundible que forma xa parte da historia viva do humor gráfico en España.

Forges foi galardoado no 2007 cá "Medalla de Oro al Mérito en el Trabajo".

Agpi nas feiras internacionais

Este ano e grazas a os acordos de colaboración coa Consellería de Cultura, AGPI participa en 3 feiras internacionais.

A primeira foi en febreiro na Feira do Libro da Habana á que asistiron entre outros o noso actual presidente Santy Gutiérrez como representante oficial e os nosos socios Fran Jaraba, Óscar Villán, Jacobo Fernández e Manel Cráneo que foron elegidos por votación entre os nosos asociados. A feira tiña este ano a Galicia como cultura invitada e todos eles participaron do evento dando talleres, charlas e participando en mesas redondas con gran asistencia de público.

En Abril, AGPI repetiu por segundo ano consecutivo a súa presenza na feira do Libro Infantil de Bolonia (Italia). Estivemos representados polos noso directivos Manel Cráneo e Pintureiro que practicaron unha estratexia promocional entre unha selección de máis de vinte de entre os editores asistentes ao evento, ofertándolles un cd-guía con mostras de traballo e contactos dos socios. Isto xa deu os seus froitos e algúns socios xa foiron contactados por algunha destas editoriais.

No derradeiro trimestre do ano teremos a seguinte cita en Frankfurt (Alemaña). Segunda cita tamén con esta feira que aínda que ten un carácter máis industrial segue a ser de interese porque en estas feiras é onde se aproveita para manter relacións con outras asociacións europeas integradas no EIF (European Illustrators Forum) e facer relacións institucionais. O noso embaixador para esta feira será un ano máis o vicepresidente Suso Cubeiro.

Saló de Barcelona de 2008

Un ano mais, Agpi (www.agpi.es) estivo no Saló del cómic de Barcelona para promocionar aos autores galegos ante as editoriais de BD españolas presentes no festival, onde este ano estiveron expostas as obras de Miguelanxo Prado, David Rubín e de a revista Barsowia. Ademais, mantivéronse reunións con representantes de distintos colectivos e institucións, para falar da posibilidade de levar a exposición de Dez anos de BD galega a distintos lugares da xeografía española.

Paralelamente, fixéronse varias actividades relacionadas coa mesa BD que coordina a Consellaría de Cultura e deporte da Xunta de Galicia da que AGPI forma parte, principalmente presentacións dos proxectos da BD galega, tanto editoriais, como os relacionados con educación ou bibliotecas que fomenta a Consellaría, ademais da presenza que supuxeron os stands de BD galega, un de promoción da nosa BD e outro de venda, no que colaboraron diversas editoriais e colectivos galegos. A Consellaría mantivo unha reunión con FICOMIC, a organización do festival, para falar das actividades de promoción da BD galega que se farán o ano próximo xa que Galicia será a comunidade convidada no 2009.



Saló do cómic de Barcelona: Toni Seijas asinando



Foto: Óscar Villán

“Serigrafía para ilustradores”

Entre xuño e agosto deste ano organizamos uns mini-cursiños de deseño en camisolas e serigrafía no noso taller, que AGPI subvencionou @s soci@s.

Comenzamos cun percorrido polas instalacións, tomando contacto cos útiles e a maquinaria (a meirande caseira) e cos procedementos básicos da serigrafía textil, unha técnica tan sinxela coma meticulosa. Logo vimos como traballar co ordenador para deseñar motivos tendo en conta as características, posibilidades e limitacións da serigrafía. Tamén analizamos prendas, catálogos, marcas e variados exemplos de deseño. Xa pola tarde, puxemonos mans a obra e imprimimos unhas camisolas co logo da AGPI: preparando as pantallas, axustandoas na máquina e procedendo a impresión e secado da tinta. Finalmente as doblamos empregando un aparello que causou sensación entre @s asistentes. Para nos foi moi grato atoparnos co interese d@s participantes e a boadispoción da AGPI.

www.killermundi.org

Ramón Villaverde e Xulia Barros.

Cerditos de Guinea



Tras un par de meses de parón por reformas, no que **Oscar Gorriz** e **Gochi** traballaron duramente, estamos listos para presentar a nova e flamante web, mais atractiva, con mais contidos e mais dinámica. Engadiron na páxina principal unha sección chamada **“Caixa de novidades”** onde se poderán seguir, a modo de pequenos titulares, os últimos acontecementos da editorial. Decidiuse tamén reiniciar os contidos do blog, que servirán tamén para poñer en marcha a iniciativa de **“diario de a bordo”** unha serie de entradas nas que se contarán todos os entrescos do terceiro álbum **“Ecola de piratas”**, tamén haberá sitio para outras dous seccións fixas, a primeira **“lata de ferramentas”**, máis técnica e orientada cara a profesionais onde se irán amosando materiais cos que traballar e outra de bosquejos chamada **“moleskine”**. Tamén xa se está distribuído nas librerías galegas o segundo álbum de Trasmallo (08) **“O tesouro de Carraxe”**. 54 páx. a cor non formato habitual. Neste número deixaron caer os seus lápicos: **Manel Cráneo, Dani Montero, Hugo e Sergio Covelo**, conta cun prólogo de **Diego Rodríguez** e unha entrevista de **Iván Mera** aos autores. Para botarlle unha ollada a todo... www.cerditosdeguinea.com

Grandes novidades editoriais de Polaçia

Catro novidades como catro soles estrea o colectivo Polaçia este agosto de 2008.

“Rara Avis” é unha novela gráfica guionizada por **Kike Benloch** e debuxada por **Iván Suárez**. A historia está protagonizada por un oficinista, unha cantante, unha aristócrata e mais un tatuador. Catro personaxes convencidos, ao se coñecer, de non teren nada en común... mentres as boas ou as malas intencións non lles demostren o contrario.

“Prime Time Holocausto” escrita e debuxada por **Álvaro López**, é un retrato do mundo laboral, visto a través dunha óptica underground e case de Serie Z. Unha historia de mutacións, terrorismo, descerebre televisivo e violencia catárquica. Unha obra altamente recomendábel para ler no wc do traballo, xusto antes de saír armado e acabar coa vida dos teus xefes.

Tras unha espectacular portada de **Emma Ríos**, o **“Barsowia”** nº12 acolle no seu centenar de páxinas a quince autores galegos facendo cómic a toda cándela. Entre os foráneos, chega material fresco dos Estados Unidos, Francia, Portugal e de talentosos autores españois radicados en Valencia, Barcelona, Madrid e Málaga. Continúan series como a de **Manel Cráneo** **“Os mortos de Algures”** ou **“Euclides Mortem”** de **Jose Domingo**. Estrean historias de continuará os tándens **Luis Sendón/Iván Serrano** e **Duarte/Xurxo Penalta**. Canto ao xénero, hai de todo:

Dramas históricos, cartoons irreverentes, contos para nenos revisados para adultos, relatos líricos, violentas historias futuristas, de ciencia-ficción, experimentais e de humor. Iso si, tanto eclecticismo sempre equilibrado co nivel de calidade ao que os lectores de Barsowia están xa afeitos.

Os creadores do B12 son Emma Ríos, Brais Rodríguez, Luís Sendón, Iván Serrano, Johnathan Mildern, J M Ken Niimura, Kike Benloch, David Rubín, Alexis Ziritt, Esteban Hernández, Diego Blanco, Hugo Covelo, Dani Montero, Kosta, Duarte, Xurxo Penalta, Miguel Valverde, Richard Cámara, Jose Domingo, Miquel Rof, Manel Cráneo, Bernal, Carlos Arrojo.

Roque Romero, moi coñecido polo seu blog do Paciente R, é un destacado e orixinalísimo creador que leva en Polaçia desde hai cinco anos. Agora, tomando o relevo do primeiro libro de arte de Miguel Robledo, o seu traballo protagoniza o **“Polaçia Sketchbook”** nº2, ofrecéndonos unha inimitable explosión de creatividade visual.

Estas novidades estarán á venda na caseta de Polaçia na feira de **Viñetas desde o Atlántico** a partir do luns 11 a primeira hora da tarde, e a presentación no salón de actos do festival será o venres 15 ás seis da tarde. Esta última correrá a cargo de **David Rubín**, presidente da asociación cultural Polaçia, e **Emma Ríos**, membro do colectivo.

